



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Literatura Española	Código	613G01011	
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Yagüe Lopez, Pilar	Correo electrónico	pilar.yague.lopez@udc.es	
Profesorado	Caamaño Rojo, María José Pena Sueiro, Nieves Yagüe Lopez, Pilar	Correo electrónico	maria.caamano.rojo@udc.es nieves.pena.sueiro@udc.es pilar.yague.lopez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introducción á Historia da Literatura Española a través dos seus principais autores e obras.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A18	Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer os principais autores e obras da Literatura española e valorar criticamente as súas producións			A7 A10 A18
Traballar de forma autónoma con iniciativa			B3 B4 B6
Capacidade de análise e síntese			A11
Coñecemento dos métodos e técnicas de análise literaria			A1 A2
Utilizar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión e a aprendizaxe ó longo da súa vida			C3
Capacidade para interrelacionar os distintos aspectos da Filoloxía			A9 B5



Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible paa resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Capacidade para comunicar os coñecementos adquiridos		B4	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción metodolóxica	Bases para el estudio de la historia de la literatura
2. Edad Media	2. 1. Introducción 2. 2. Acercamiento a los principales géneros, textos, y autores
3. Siglos de Oro	3.1. Introducción 3. 2. Acercamiento a los principales géneros, textos, y autores
4. De la Ilustración al Naturalismo	4. 1. Introducción 4. 2. Acercamiento a los principales géneros, textos, y autores
5. Del Modernismo a la actualidad	5. 1. Introducción 5. 2. Acercamiento a los principales géneros, textos, y autores

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	4	40	44
Actividades iniciais	2	0	2
Sesión maxistral	30	0	30
Obradoiro	22	22	44
Aprendizaxe colaborativa	10	10	20
Lecturas	0	80	80
Atención personalizada	5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Na data oficial os estudantes deberán realizar unha proba obxectiva na que demostren os coñecementos adquiridos ao longo do curso.
Actividades iniciais	Farase unha proba inicial para determinar o nivel dos alumnos na materia e comprobar o punto de partida para iniciar as explicacións.
Sesión maxistral	Impartiranse nas sesións comúns de carácter expositivo. O profesor presentará os temas e desenvolverá os apartados que se consideren de especial dificultade.
Obradoiro	Nas titorías en grupo reducido desenvolveranse comentarios de textos procedentes das lecturas. O estudante deberá seleccionar dous destes textos (un por cuatrimestre) para elaborar individualmente un comentario por escrito que será avaliado.
Aprendizaxe colaborativa	Nas clases interactivas traballarase con textos de lectura obligatoria e faranse os controis de lectura pertinentes. Ao final de cada cuatrimestre realizarase nas aulas un control de lectura avaliable.
Lecturas	O alumno terá que realizar ó longo do curso as lecturas obrigatorias que se especifican no programa. É preciso que as lecturas se realicen previamente á explicación do tema para o correcto aproveitamento das explicacións.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Proba obxectiva	O profesor facilitará o alumno a bibliografía específica que considere oportuna e as orientacións pertinentes en cada caso.
-----------------	---

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Obradoiro	En cada cuatrimestre será preciso entregar un comentario literario dun texto seleccionado pola profesora.	30
Aprendizaxe colaborativa	Terase en conta a asistencia e, sobre todo a participación, nas aulas onde se poña de manifesto o interese do alumno e a súa evolución.	20
Proba obxectiva	Nas datas oficiais realizaranse as probas obxectivas pertinentes.	50

Observacións avaliación



Porcentaxes non reais; por esixencias do deseño da aplicación coa que se elabora esta guía docente, as porcentaxes ofrecidas arriba só son orientativas. Lea atentamente a información ao respecto que segue. A cualificación final responderá ao seguinte reparto porcentual:

1. Un 50% obterase pola proba obxectiva escrita que os estudantes realizarán ao remataren a materia e nas datas, horas e lugar establecidos nos horarios oficiais de exames do centro. **Moi importante:** os estudantes deberán obter unha puntuación mínima de 4 sobre 10 nesta proba escrita para poder superar a materia. Isto implica que terán que compensar a cualificación co outro 50% ata chegar ao 5 de media, necesario para aprobar.

&nbsp;Ningún estudante obterá o 100% da súa cualificación final con esta proba: todos serán cualificados coa distribución&nbsp;porcentual aquí recollida.

2. Un 40% obterase da realización de actividades ou tarefas (individuais ou grupais) ao longo do curso. As datas de entrega son inapelables. Un 30% corresponderá á realización de dous comentarios por escrito e o 10% restante a dous controis de lectura.

3. Un 10% responderá á asistencia, participación e desempeño do estudante no decorrer do curso. Observaranse o aproveitamento e a evolución individual do alumno, mais tamén e moi especialmente a súa dinámica na aula, a súa forma de argumentar, a colaboración cos compañeiros e todos aqueles elementos que teñan que ver coa aprendizaxe colaborativa e o traballo en grupo.

4. Á hora de establecer a cualificación final en cada unha das dúas oportunidades (xuño e xullo) que ten o alumno, computaranse a proba obxectiva pertinente, as actividades expostas e entregadas ao longo do curso así como a asistencia e participación.

5. Os alumnos que teñan suspensas ou non realizadas as actividades avaliadas, na segunda oportunidade de xullo terán que entregar os traballos escritos unha semana antes do exame. En caso de ter suspensas as actividades feitas nas aulas, a proba obxectiva contará cunha parte que as inclúa.

6. Os estudantes a tempo parcial, con dispensa académica recoñecida, farán as actividades que se determinen en cada caso. 7. Non se admitirán traballos por correo electrónico, o único soporte para a entrega será o papel. 8. Será indispensable a corrección ortográfica, de redacción e presentación, así como aterse ás normas de presentación dos traballos escritos e de redacción da bibliografía.&nbsp;Tres faltas de ortografía supoñen a penalización de 1 punto en cada actividade avaliada; do mesmo xeito unha redacción ou presentación engorrosa pode tamén penalizarse. O plaxio suporá a descalificación automática dos traballos.

9. No caso de estudantes estranxeiros será indispensable para seguir a materia ter un dominio razoable da lingua española tanto na súa expresión oral coma escrita equivalente a un nivel B2.

10. **MOI IMPORTANTE.** De acordo coa Normativa académica, o alumno será avaliado e cualificado sempre que acuda ao exame. Polo tanto, recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) aquelas persoas que non se presentaren &nbsp;ningunha das probas escritas oficiais.

## Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



<b>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</b>
<b>Materias que continúan o temario</b>
Lingua Española 1/613G01001 Introdución aos Estudos Literarios/613G01005 Lingua e Cultura Clásica/613G01006
<b>Observacións</b>
As actividades entregaranse inapelablemente nas datas fixadas de antemán. En xullo, a data de entrega establececese unha semana antes do exame, mais a data límite é o día do exame. Non se admitirán traballos por correo electrónico, o único soporte para a entrega será o papel. As repostas aos correos electrónicos recibidos serán atendidas só nos horarios de titorías fixados. As profesoras completarán a bibliografía xeral con bibliografía específica en cada tema. Será indispensable a corrección ortográfica, de redacción e presentación.&nbsp;

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías